



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Literatura infantil e xuvenil galega: contidos e usuarios. (En colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte)

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

- Achegamento ás competencias necesarias para a creación e a actualización continua da colección de literatura infantil e xuvenil nas bibliotecas.
- Coñecer o pasado e a actualidade da literatura infantil e xuvenil galega.
- Reflexionar sobre as características específicas desta literatura.
- Dotar de recursos para o traballo cos fondos de ficción da biblioteca pública.

DESTINATARIOS

Destinatarios: bibliotecarios da rede de bibliotecas de Galicia.

PROGRAMA

1. Panorámica da historia da literatura infantil galega.
 2. Situación actual da literatura infantil e xuvenil galega.
 3. Especificidades da literatura infantil: a ilustración.
 4. Especificidades da literatura infantil: a mediación:
- Recursos e ferramentas para a selección e a realización de actividades arredor da literatura inf/xuv.
 - Pautas para a selección de libros de calidade adecuados a cada idade.
 - Actividades da biblioteca arredor da literatura infantil e xuvenil.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
 2. O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos da Administración pública (agás os cursos a que se refire o punto terceiro desta resolución) durante os últimos cinco anos.
 3. Ratio de orzamento en gastos correntes/habitante, segundo consta na estatística xeral do ano 2005 no caso das bibliotecas municipais.
 4. A antigüidade, como tal entenderase o tempo transcorrido desde a data de ingreso na Administración pública.
 5. Co obxecto de que estea representado o maior número posible de bibliotecas seleccionárase solamente un solicitante por centro.
 6. Establécese unha reserva de nove prazas para as bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia e para o CSBG. Estas prazas cubriranse aplicando os criterios citados.
 7. No caso de vacantes, poderán cubrirse as prazas con titulados universitarios en biblioteconomía e/ou documentación, historia, filoloxía ou humanidades.
- En todo caso será aplicable, con carácter supletorio ao establecido nesta convocatoria, a Resolución do 30 de xaneiro de 2007 pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 27 do 7 de febreiro).

3. DATOS EDICIÓNS

CO07LIX001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 27/06/2007 a 29/06/2007

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE